

# Buscando a Xela

## ESCAPE GAME



Xela Arias é unha poetisa galega que nace en Sarria o 4 de marzo de 1962.

Os seus pais, o mestre Valentín Arias e Amparo Castaño, tamén nacen nese mesmo lugar.

No carné de identidade de Xela aparece o nome de María de los Ángeles. Moitos anos máis tarde, ela cámbiao por Xela, xa que na casa sempre a chaman así.

Xela vive na Granxa Escola de Barreiros (Sarria), rodeada de animais. Máis tarde, a familia múdase a Lugo e Xela comeza a escola. Vai ó Colexio Fingoi, un colexio moi moderno para a época. O seu pai traballa como tradutor e ensaísta.

*Miña nai ten amigos poetas e novelistas. Andei fixándome neles para atopar o que tiñan de especial. (...) Aquí na miña casa os andeis rozan o teito do cuarto, e non teñen máis ca libros. Mercáronos meus pais, e neles lemos toda a familia.*

*(Non te amola! Xela Arias, 2021)*



O último destino da familia é Vigo. Xela medra feliz alí. Durante as vacacións, Xela e a súa familia viaxan a miúdo e descubren novos paisaxes.

Anos máis tarde, Xela estuda no Instituto do Calvario, un dos poucos institutos mixtos. Ela defendía a educación igualitaria.

Sabías que...?

Vigo está en Pontevedra e sitúase ó sur de Galicia. Conta coa maior poboación de toda a comunidade.

**Sorbonne  
Nouvelle**  
université des cultures

CENTRO DE  
ESTUDOS  
GALEGOS  
DE PARÍS

CENTRO  
ESTUDOS  
GALEGOS

XUNTA  
DE GALICIA

# Buscando a Xela

## ESCAPE GAME

En 1979, nace unha nova editorial: Edicións Xerais de Galicia e Xela comeza a traballar alí con só 18 anos. Primeiro é oficinista e, despois, é correctora, tradutora e editora. A Xela encántalle o mundo da literatura galega e traballa moito!

Tamén realiza diversas colaboracións e publicacións con xornais galegos como A Nosa Terra ou o Faro de Vigo.



Ademais de escribir, a Xela gústalle facer submarinismo, coñecer novos lugares ou percorrer en moto a cidade.

A través da poesía ela explica a súa visión do mundo. En 1986, Xela publica o seu primeiro libro de poemas, *Denuncia do equilibrio*, coa editorial Xerais. Neste libro, ela cuestiona a orde establecida, expresa o desacougo da vida cotiá e das emocións.

Catro anos máis tarde, en 1990, publica *Tigres coma cabalos*, onde os seus poemas conversan coas fotos do fotógrafo galego Xulio Gil, quen se casará con Xela.

Durante a súa etapa como tradutora, ela traduce para o galego a autores tan importantes da literatura española, inglesa ou francesa como Cervantes, Roald Dahl, Bram Stoker ou Charles Baudelaire.

***Sempre será máis xusto que o lector faga uso do seu dereito de saltar follas que o tradutor decida onde e cando debe facelo.***  
(Xela Arias)

En 1991, Xela decide cambiar a súa vida: deixa a editorial e comeza a estudar Filoloxía na Universidade de Vigo.

En 1994, ela é mamá. O seu fillo chámase Darío. Xela estaba tan feliz que publica o seu libro *Darío a diario* en 1996, onde fala da maternidade e expresa todo o que sente polo seu fillo.



***Busco o modo de te acompañar sen estorbo, que sexas ao meu carón feliz e creador de ti, de ti e mailo mundo que apañes.***

(*Darío a diario*, Xela Arias)

Nesta época, Xela Arias pasa a chamarse así, Xela.

**Sorbonne  
Nouvelle**  
université des cultures

CENTRO DE  
ESTUDOS  
GALEGOS  
DE PARÍS

  
CENTRO  
ESTUDOS  
GALEGOS

 XUNTA  
DE GALICIA

# Buscando a Xela

## ESCAPE GAME

Tras rematar a carreira, convértese en profesora de lingua e literatura nos institutos. Traballa en institutos de Santa Comba, Moaña, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo.

Dúas catástrofes marcan o comezo dos anos 2000: o afundimento do petroleiro Prestige fronte á costa galega no 2002, que provoca unha traxedia ambiental; e a guerra de Iraq, no 2003.

Xela é unha persoa moi comprometida con estas causas e defende a ecoloxía e a paz.

En xuño do 2003, sae a última obra de poemas de Xela, *Intempériome*.

Neste libro demostra a súa evolución como poetisa: deixa atrás os prexuízos, busca a independencia persoal e reflexiona sobre a existencia, o amor e a morte.

**NUNCA  
MÁS**

Sabías que...?

O grupo de música galego A Banda da Loba ten un videoclip dun dos poemas da obra *Intempériome* de Xela Arias. A canción pertence ó disco *Hasme Oír*, un traballo en homenaxe a nosa poetisa.

Pouco despois, a nosa poetisa, tradutora e editora morre en novembro de 2003 dun ataque ó corazón.

Xela Arias déixanos un legado literario que rompe cos estereotipos.

Sabías que...?

Neste ano 2021, a editorial Galaxia publica a obra inédita de Xela Arias, *Non te amola!*.

Sabías que...?

Pon a proba os teus coñecementos co Escape Game de Buscando a Xela:



Fontes

Texto adaptado da Real Academia Galega e de Polo Correo do Vento.  
Ilustracións de Canva e Xulio Gil I Edicións Xerais.

**Sorbonne  
Nouvelle**  
université des cultures

CENTRO DE  
ESTUDOS  
GALEGOS  
DE *PARIS*

**CENTRO  
ESTUDOS  
GALEGOS**

**XUNTA  
DE GALICIA**